



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTES CONCELLO O 24 DE NOVEMBRO DE 2016
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ C. LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente

D. ALBERTO BLANCO CARRACEDO
Concelleiro

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira do PsdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO
Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA
Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ
Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS
Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS
Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

INTERVENTOR ACCTAL.

D. LUIS M. LOZANO LORENZO

INFÓRMATICO

D. MARCOS ANDÚJAR MATO

FALTAN Á SESIÓN

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO
Concelleiro do PsdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas doce minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil dezaseis, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

ÚNICO.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á CONTA XERAL DO ORZAMENTO 2015.

Comeza a sesión outorgando o **Sr. Alcalde** a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, D. Alberto Blanco, para explicar o asunto que se trata neste punto.

D. Alberto Blanco di que se somete para a súa aprobación a Conta Xeral do exercicio 2015 de acordo co establecido na Lei Reguladora das Facendas Locais, polo que, despois de ser tramitada polo departamento municipal de Intervención, é necesario a súa aprobación polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda e exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro e non habendo alegacións ou reclamacións á mesma.

Continúa explicando que o expediente da Conta Xeral está formado polo balance, conta resultado económica-patrimonial, o estado de cambios do patrimonio neto, o estado de fluxos do efectivo, o estado de liquidación do Orzamento e a Memoria; reflexando a situación económica, financeira e patrimonial do noso Concello xunto cos resultados económico-patrimoniais e liquidación presupostaria. Así mesmo di que o dato máis relevante é o cumprimento dos principios de equilibrio financeiro, estabilidade presupostaria e o cumprimento coa regra do gasto, véndose que se obteñen resultados positivos, de feito o Orzamento era inicialmente de doce millóns trescentos mil euros e, finalmente, foron executados dezasete millóns catrocentos dez mil euros, é dicir, cinco millóns cen mil euros máis do previsto, sendo as inversións reais de case cinco millóns de euros sobre os seiscientos nove mil presupostados inicialmente. Ante o anterior obtense novamente un resultado positivo de Remanente de Tesourería, sen haber ningún incremento de impostos e taxas. Por outra banda di que se produce un incremento patrimonial de dous millóns de euros e as débedas coas entidades bancarias quedan en dous millóns cento dezaoto mil euros, diminuíndo deste xeito a carga financeira respecto a finais de 2014 e mantendo un endebedamento por habitante baixo (243,00 €), así como tendo uns ratios de liquidez a curto prazo xeral envidiables.

Por anterior, o Sr. Blanco di que os resultados de liquidez de Tesourería son case tres millóns de euros, resultado moi similar aos que se veñen obtendo en exercicios anteriores; e sempre mantendo e optimizando a prestación de servizos, sobre todo no que respecta ao gasto social.

Pide a palabra a Concelleira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, dincindo que, unha vez máis, lamenta que non se respecten os prazos legais na rendición da Conta Xeral, sobre todo cando se trata dunha tramitación anual, obrigatoria e preceptiva, considerando que debería de facerse dentro dos prazos establecidos para evitar calquer tipo de consecuencias.

Contesta o **Sr. Alcalde** dicindo que coincide co manifestado pola voceira socialista, polo que se lle dará traslado ao departamento de Intervención para que cumbran os prazos legalmente establecidos, sen embargo disculpa a dito departamento pola situación complicada no que se atopa na actualidade.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, manifestando unha serie de deficiencias existentes no informe da Conta Xeral 2015, o cal alerta dunha serie de irregularidades que fan que a dita Conta non sexa de todo clara e completa que a Lei esixe. Deste xeito alude ao mencionado no informe de Intervención, no que se advirte de que a conta do inmovilizado non se axusta aos requirimentos legais por causa da inexistencia dun inventario actualizado, recollendo a necesidade de poñer ao día o inventario de bens para facilitar o eficaz control do mesmo, polo que insta ao goberno para que actualice o mesmo.

Con respecto á Fundación Cultural, a Sra. Mar Blanco destaca a advertencia recollida no amentado informe sobre a ausencia de información económica máis alá

da xustificación da subvención nominativa que se lle concede; polo que reclama unha maior fiscalización por parte do Concello nas contas da Fundación.

Así mesmo, manifesta a súa disconformidade co non cumprimento dos prazos legais establecidos para a aprobación da Conta Xeral, así como cos pagamentos que se están a facer polo grupo de goberno ao marxe da legalidade, de feito todas as semanas a Xunta de Goberno Local aproba gastos e pagamentos cos previos levantamentos dos reparos suspensivos formulados pola Intervención municipal, a modo de demostración di que os pagamentos realizados durante o ano 2015 con reparos suspensivos acadan a cifra de tres millóns seiscentos oitenta mil euros (aprox.), polo que considera que se trata dunha anomalía que se produce de forma constante, por incumprimento da Lei de Contratos por non seguir co procedemento adecuado, por fraccionamento no gasto obxecto do contrato, polo carácter repetitivo do gasto, ou ben, por asumir gastos que non corresponden ao Concello. Ante o dito anteriormente, insta ao grupo de goberno para que cumpra co establecido na Lei de Contratos do sector público.

Finalmente, polo manifestado anteriormente, di que o voto do seu grupo político vai a ser en contra.

Toma a palabra o voceiro de BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para dicir que se está ante un mero trámite de procedemento administrativo de obrigado cumprimento e non ante un debate político, outorgando o seu voto a favor para a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2015, pero deixa claro que o seu voto é ao procedemento e non ao contido do expediente, xa que, con respecto a este, xa votou en contra anteriormente.

Intervén novamente o Concelleiro de Facenda, **D. Alberto Blanco**, aclarando que o non cumprimento cos prazos legais para a aprobación da Conta Xeral foi por causa da situación irregular que ten o departamento municipal de Intervención, agradecendo o esforzo do persoal adscrito ao mesmo para solventar esas irregularidades e que o traballo salira adiante.

No que respecta ao Inventario de Bens, é algo que non se deixou facer a este grupo de goberno, ao igual que co tema da Fundación, xa que non se toma ningunha decisión mentres que a Intervención non estude a situación na que se atope esa entidade.

Con respecto aos reparos suspensivos aos que alude a voceira de MÓVETE, di que se trata dalgo dentro do funcionamento normal da administración, de feito os outros membros da oposición non fan mención a este tema porque xa estiveron noutras lexislaturas no goberno e saben o que son os problemas que xurden dentro da xestión diaria da administración, como é o caso da formalización de contratos de gran complexidade e que son os que están abarcando a maioría dos reparos suspensivos.

O **Sr. Alcalde** intervén para sumarse no recoñecemento e agradecemento ao departamento de Intervención polo traballo realizado a pesares da situación extraordinaria de dificultade laboral pola que está a atravesar.

No relativo aos reparos suspensivos que formula a Intervención a determinados gastos, di que se trata de situacións difíciles de substentar e por contratacións de difícil tramitación, como é o caso de SOGAMA ou FENOSA, a pesares delo se traballará, na medida do posible, en ir tramitando este tipo de contratos.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose polos votos a favor do Partido Popular, PsdeG-PSOE e BNG, e en contra de MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Visto o sinalado no artigo 208 e seguintes do TRLFL, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 02/08/2016.

Vista a documentación que compón o expediente da Conta Xeral do exercicio 2015.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 03/10/2016.

Visto que a Conta Xeral 2015 permaneceu exposta ao público segundo o anuncio inxerido no Taboleiro do Concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 194 de 10/10/2016, sen que no período comprendido entre o 11 de outubro e o 14 de novembro de 2016 (ambos os dous incluídos) se presentasen reclamacións, reparos ou observación ao dito expediente.

Vista a propota da Alcaldía-Presidencia de data 21/11/2016.

ACORDAMOS:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2015.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas vinte e cinco minutos.

A Estrada, 24 de novembro de 2016
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso